



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Urbanismo. Sección de Planeamento e Xestión

*Anuncio de información pública do proxecto de construción dun novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia en San Caetano (Santiago de Compostela)*

Con data 9 de marzo de 2021 a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia presentou no Concello de Santiago o Proxecto de construción dun novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia en San Caetano, para a súa tramitación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Sendo o proxecto promovido pola Xunta de Galicia desconforme coas determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal –que cualifica o solo afectado como sistema xeral de comunicacións–, a citada Lei 3/2016 obriga ao Concello de Santiago a someter o proxecto ao trámite de información pública, previamente á emisión do informe que proceda sobre os intereses locais afectados.

En cumprimento do disposto polo apartado 4 do artigo único da citada Lei 3/2016, o proxecto sométese a información pública durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que a tal fin se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

En consecuencia, durante o prazo de vinte días soltos (excluídos sábados, domingos e festivos), contado a partires do día seguinte ao da última publicación que se efectúe do presente anuncio, os cidadáns poderán consultar o proxecto e formular as alegacións que estimen oportunas.

A documentación sometida a exposición pública poderá consultarse no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2.º andar), de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas; e na páxina web do Concello <https://transparencia.santiagodecompostela.gal/Proxecto-construcion-edificio-Xunta-de-Galicia/gl>

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021.

A concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

(PD. Decreto do 17 de xuño de 2019)

Asdo.: Mercedes Rosón Ferreiro

2021/2356